

SERVIZO DE HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA DO CHUP

PRESENTACIÓN DO SERVIZO

A hematoloxía é unha especialidade mixta que integra aspectos de laboratorio, aspectos clínicos e de hemoterapia; a integración destes tres aspectos é valor da especialidade.

O Servizo de Hematoloxía e Hemoterapia da ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS (ASPS) desenvolve a súa actividade no Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, que está composto polo Hospital Montecelo, Hospital Provincial e Hospital Público do Salnés.

A actividade do Servizo de Hematoloxía é fundamentalmente asistencial. Esta actividade engloba o diagnóstico, desde os aspectos de laboratorio e clínicos, e o tratamento dos procesos hematológicos e oncohematológicos. Dentro da estrutura hospitalaria, é un servizo central ou servizo básico que lles dá asistencia ao resto dos servizos hospitalarios. Ademais, desenvolvemos actividade de docencia pre e posgrao e actividade investigadora.

Contamos cun equipo de especialistas en hematoloxía e hemoterapia, persoal de enfermería, TCAE (técnicos de coidados auxiliares de enfermería), persoal técnico de laboratorio e administrativos amplamente cualificados para darlle unha atención de máxima calidade ao paciente hematológico.

O noso labor engloba:

Labor asistencial: impartimos asistencia sanitaria na ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS a pacientes en réxime ambulatorio, aos hospitalizados e aos pacientes do hospital de día mediante:

- Diagnóstico de alteracións hematológicas
- Tratamento de enfermidades hematológicas
- Indicación de transfusión de hemoderivados
- Atención ao paciente anticoagulado
- Diagnóstico e atención do paciente con alteracións da hemostasia
- Realización dos estudos de hematometría e coagulación da área sanitaria
- Resolución de interconsultas procedentes doutros servizos hospitalarios

Actividade docente: impartimos docencia pregrao, posgrao e formación de residentes da especialidade.

Estamos acreditados pola Comisión Nacional da Especialidade para a formación de especialistas en hematoloxía e hemoterapia.

Actividade investigadora, mediante a participación en grupos de traballo a nivel nacional e ensaios clínicos.

A filosofía do servizo pódese resumir tendo en conta a misión, a visión e os valores.

Misión:

A nosa misión é a asistencia especializada, integral e personalizada para o diagnóstico e tratamiento dos pacientes con procesos hematológicos na ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS, asegurando unha atención de máxima calidade, a satisfacción do paciente e o aproveitamento dos recursos.

Visión:

- Atención sanitaria baseada nos niveis de excelencia asistencial, docente e investigadora.
- Busca de formas de xestión más eficaces e eficientes.
- Coordinación con outras especialidades e con atención primaria para un enfoque completo do paciente.

Valores:


- Vocación, compromiso ético e dedicación.
- Capacidade profesional, experiencia, calidade humana e traballo en equipo.
- Busca da excelencia e a mellora continua da calidade asistencial.
- Compromiso co sistema sanitario público.

- Afán de superación e innovación.
- Uso adecuado dos recursos e da innovación tecnolóxica.
- Satisfacción na atención aos pacientes.

Organigrama:

O Servizo de Hematoxilia-Hemoterapia distribúese en tres áreas ou unidades funcionais:

- Unidade clínica
- Unidade de diagnóstico
- Servizo de Transfusión (ST)



PROFESSIONAIS DO SERVIZO

Responsable do servizo	Dra. M. ^a Lourdes Amador Barciela (Xefa de Servizo)
Persoal facultativo	Facultativos especialistas de área: 7 Médicos internos residentes: 4 (1 por año)
Enfermeiras	Hospitalización: <ul style="list-style-type: none"> Supervisora: María Pilar González Rodríguez 13 enfermeiras Hospital de día: <ul style="list-style-type: none"> Supervisora: María Pilar González Rodríguez 3 enfermeiras Servizo de Transfusión: <ul style="list-style-type: none"> 1 supervisor Hospital Montecelo: 9 enfermeiras Hospital Provincial: 6 enfermeiras Laboratorio de hematoxilia (TEL) e CORE: <ul style="list-style-type: none"> Coordinadora de todos os laboratorios: Inmaculada Lodeiro 4 enfermeiras 7 TEL
Técnicos especialistas	ST do Hospital Montecelo e Hospital Provincial: 4

en laboratorio	ST do Hospital Público do Salnés: 9 (compartidos con análisis clínicas) Laboratorio de hematoloxía e CORE: 7 Atención continuada: 14 (compartidos con análisis clínicas)
TCAE	Hospitalización: 10 Hospital de día: 1 Consultas externas: 2
Administrativos	4

LOCALIZACIÓN E CONTACTO

- Hospital Montecelo
- Hospital Provincial
- Hospital Público do Salnés

Hospital Montecelo

- Hospitalización: planta 6.^a impar
- Hospital de día: planta 1.^a
- Consultas externas:
 - Planta 0 - porta 9. Teléfono 986 800 064
 - Planta 0 - porta 10. Teléfono 986 800 329
- Consulta de coagulación e SINTROM®:
 - Servizo de Transfusión: planta 1.^a
 - Laboratorio de hematoloxía: planta 1^a
- Teléfonos das secretarías do Hospital Montecelo:
 - Secretaría do Servizo de Transfusión: 986 800 593
 - Secretaría do Hospital de día: 986 800 142
 - Secretaría do laboratorio: 986 800 039

Hospital Provincial

- Servizo de Transfusión: planta S-1

Hospital Público do Salnés

- Laboratorio de hematoloxía e Servizo de Transfusión: planta 0
- Consulta de hematoloxía: planta 0, consulta 2
- Secretaría de hematoloxía: 986 568 047

CARTEIRA DE SERVIZOS

OFERTA ASISTENCIAL

No Servizo de Hematoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra dispoñemos da seguinte oferta asistencial:

- A. Atención do paciente con enfermedades oncohematológicas:
 - Leucemias agudas
 - Linfomas Hodgkin, non Hodgkin e outras síndromes linfoproliferativos crónicos
 - Neoplasias mieloproliferativas
 - Síndromes mielodisplásicos

- Mielomas e gammopathías monoclonais
- Mastocitoses
- Neoplasias histocitarias

B. Atención do paciente con enfermedades hematológicas non oncológicas:

- Patoloxía asociada a insuficiencia medular: anemias aplásicas e outras
- Alteracións da serie plaquetar: trombocitopenias
- Alteracións da serie vermella: anemias
- Alteracións da serie leucocitaria

C. Alteracións da hemostasia e trombose:

- Alteracións conxénitas e adquiridas da hemostasia
- Anticoagulación
- Trombofilia

D. Métodos diagnósticos:

- Exame morfolóxico de sangue periférico
- Aspirado de medula ósea
- Biopsia de medula ósea
- Citometría de fluxo

E. Procesos terapéuticos:

- Quimioterapia
- Inmunoterapia
- Transplante autólogo de progenitores hematopoiéticos
- Tratamento inmunosupresor
- Hemoterapia: terapia sustitutiva con compoñentes sanguíneos
- Áferesis de stem cell
- Recambios plamáticos
- Tratamento substitutivo con factores de coagulación

Unidade de clínica

A nosa carteira de servizos na área clínica é ampla. Practicamente todos os pacientes con enfermedades hematológicas poden ser atendidos no noso centro, incluíndo todas as enfermedades oncohematológicas e o autotransplante, fóra daqueles que precisen alotransplante de medula ósea, que deberán ser derivados ao centro de referencia.

1. Hospitalización

- Estudo e tratamiento de hemopatías malignas
- Tratamento da neutropenia febril
- Tratamento da aplasia posquimioterapia
- Tratamento das posibles complicacións que poidan presentarse durante o proceso asistencial (renais, pulmonares, cardíacas...)
- Terapia paliativa da enfermedade hematológica avanzada
- Transplante autólogo de sangue periférico
- Administración de hemoderivados
- Infusión de células nai hematopoiéticas
- Administración de quimioterapia e inmunoterapia intravenosa, subcutánea ou oral
- Administración de quimioterapia intratecal
- Administración de fármacos antimicrobianos
- Coidado de catéteres centrais e reservorios
- Punción lumbar
- Coidados de enfermería necesarios para a adecuada atención do paciente
- Servizos hostaleiros básicos directamente relacionados coa propia hospitalización
- Información á alta, con instrucións para o correcto seguimento do tratamento e establecemento dos mecanismos que aseguren a continuidade e seguridade da atención e os coidados

2. Consulta externa:

- Valoración inicial do paciente
- Indicación e realización de exames e procedementos diagnósticos
- Indicación, realización e seguimento dos tratamentos ou procedementos terapéuticos
- Estudo, tratamiento e seguimento da patoloxía hematolóxica benigna e neoplasias hematolóxicas
- Consulta de pretransplante
- Seguimento postrasplante aloxénico, tras a alta do centro de referencia
- Informe á alta, contendo información diagnóstica e dos procedementos realizados para facilitar o correcto seguimento do paciente e a continuidade e a seguridade da atención e dos coidados

3. Hospital de día:

- Valoración inicial do paciente
- Realización e seguimento de tratamentos e procedementos terapéuticos
- Administración de hemoderivados
- Administración de quimioterapia e inmunoterapia intravenosa, subcutánea e intratecal
- Administración de ferro intravenoso
- Administración de fármacos antimicrobianos
- Coidado de catéteres centrais e reservorios, coidados de PIK
- Extracción de analíticas
- Flebotomías
- Punción lumbar e tratamiento intratecal
- Administración de factores de coagulación
- Coidados de enfermería necesarios para a adecuada atención do paciente do Hospital de día

UNIDADE DE DIAGNÓSTICO

1. Hematimetría:

- Hemograma e reconto diferencial automatizado
- Extensión e valoración de frotis de sangue periférica
- Reconto de reticulocitos
- Reconto automático de plaquetas en citrato
- Velocidade de sedimentación globular

2. Citomorfología:

- Exame morfológico de sangue periférico, aspirado de medula ósea e biopsia de medula ósea
- Técnicas citoquímicas

3. Citometría de fluxo (CMF):

- Screening diagnóstico fenotípico
- Inmunofenotipo completo en procesos hematológicos
- Estudos de enfermedad mínima residual mediante (non disponible en todos os procesos) screening HPN.
- CMF en fluidos (LCR, pleural, ascítico) e tecidos sólidos (adenopatías, bazo, otros)
- Subpoblaciones linfocitarias (en sangue periférico ou BAL)
- Técnica EMA para estudio por CMF de microesferocitosis hereditaria

4. Estudos de citoxenética, FISH e biología molecular (laboratorio externo)

5. Eritropatología:

- Test de Storch
- Resistencia globular osmótica
- Realización de test acantocitose

UNIDADE DE HEMOSTASIA E COAGULACIÓN

1. Estudos básicos de coagulación
2. Dímero D
3. Estudos de hemostasia primaria: tempo de hemorraxia. PFA 100, coláxeno/ADP e coláxeno/EPI
4. Test HIT (test rápido para descartar TIH)

5. Estudos especiais de diátese hemorrágica: factores de coagulación. Titulación inhibidor de F VIII e IX.
Agregación plaquetaria
6. Estudos especiais de enfermidade tromboembólica / estudo de trombofilia:
 - Anticoagulante lúpico
 - ATII funcional
 - Proteína C funcional
 - Proteína S funcional
 - Resistencia a proteína C activada
7. Probas funcionais: resposta a desmopresina
8. Atención ao paciente anticoagulado ambulatorio e hospitalizado

SERVIZO DE TRANSFUSIÓN

1. Determinación de grupos sanguíneos
2. Escrutinio e identificación de anticorpos irregulares
3. Inmunofenotipado de hemacias
4. Estudo de crioaglutininas
5. Probas diagnósticas específicas:
 - Estudo e seguimento de embarazadas sensibilizadas
 - Estudo da enfermidade hemolítica do acabado de nacer
6. Estudo de hemólise inmune:
 - Proba de antiglobulina directa e indirecta
 - Identificación e rango térmico de crioaglutininas
 - Estudo de eluído
 - Titulación de autoanticorpos fríos e quentes
 - Test de Donath-Landsteiner
7. Detección de anticorpos / complexos inmunes inducidos por fármacos
8. Hemoterapia:
 - Recepción, rexistro e almacenamento de compoñentes sanguíneos, garantindo a trazabilidade das unidades
 - Mantemento dunha reserva de produtos de uso habitual (eritrocitos, plasma, plaquetas). Dispoñibilidade doutros produtos "especiais" ou sometidos a determinadas modificacións, que deben ser solicitados, polo menos, con 24 horas de antelación
 - Probas cruzadas de compatibilidade de doante-receptor previas a unha transfusión
 - Escrutinio de anticorpos irregulares
 - Administración e seguimento da transfusión
 - Resposta automática ante algunas situacions clínicas (probas cruzadas positivas, reacción transfusional, peticións de extrema urxencia, solicitudes con cantidades inusuais ou fóra de indicación...)
 - Estudo de reacción transfusional: estudio e comunicación de efecto adverso ao Programa Estatal de Hemovixilancia
 - Programa de autotransfusión
 - Aférese stem-cell
 - Plasmaféreses terapéuticas

ACTIVIDADE CIENTÍFICA

Actividade docente

O servizo está acreditado pola Comisión Nacional da Especialidade desde o ano 2009 para a formación de especialistas en hematoloxía-hemoterapia vía MIR.

Realización de actividad docente de formación pregrao para alumnado de medicina.

Realización de sesións clínicas semanalmente e participación na sesión xeral do hospital.

Asistencia e relatorios en congresos, tanto de forma presencial como *online*.

Actividade investigadora

Participación en grupos cooperativos e de traballo da SEHH:

- PETHEMA, Programa Español de Tratamientos en Hematología
- GESMD, Grupo Español de Síndromes Mielodisplásicos
- XEL/TAMO, Grupo Español de Linfomas e Transplante de Médula Ósea
- GEM, Grupo Español de Mieloma

Participación en ensaios clínicos, rexistros, estudos prospectivos en diferentes patologías:

- Leucemias mieloides agudas
- Mieloma múltiple
- Leucemia linfática crónica
- Mastocitose
- DOAC

O noso laboratorio de hematología dispón do **Certificado de Sistema de Calidade AENOR conforme coa normativa ISO 9001:2015** desde o ano 2005.

LIGAZÓN RELACIONADAS

Asociacións de pacientes e outras páxinas de interese:

[AECC: Asociación Española contra el Cancer](#)

[AEAL: Asociación Española de Afectados por Linfoma, Leucemia y Mieloma](#)

[REDMO: Registro de donantes de médula ósea](#)

[Fundación Internacional José Carreras](#)

[Sociedad Española de Hematología y Hemoterapia](#)

[NIH en español. Biblioteca Nacional de Medicina de EE. UU.](#)

[Axencia galega de sangue, órganos e tecidos](#)